



R obtén o certificado AENOR polos seus protocolos de prevención fronte á COVID-19

- *O selo acredita que as distintas medidas de seguridade adoptadas polo operador galego dende o inicio da crise sanitaria se adaptan ás esixencias e recomendacións establecidas en cada momento polas institucións sanitarias.*
- *AENOR avala así a efectividade das medidas fronte á COVID-19 levadas a cabo por R nas súas oficinas da Coruña, co obxectivo de crear contornas laborais seguras para os seus empregados e colaboradores.*

Luns, 21 de decembro de 2020. AENOR recoñeceu a **R** polos seus protocolos de prevención fronte á COVID-19 despregados nas súas sedes. Este aval externo acredita que as distintas **medidas de seguridade** adoptadas pola compañía dende o inicio da crise sanitaria non só se adaptan ás recomendacións, senón tamén ás **esixencias establecidas** de forma periódica polas institucións en materia de prevención e hixiene.

AENOR certifica así a efectividade das medidas fronte á COVID-19 levadas a cabo por **R** a prol da seguridade e a saúde para as súas empregadas e os seus empregados nas oficinas centrais da Coruña. AENOR avaliou para tal fin un amplo abano de aspectos, entre os que se atopan a xestión de riscos e da saúde no traballo; a formación, información e comunicación desenvolvidas; as medidas tanto organizativas como de protección postas en marcha (distancia mínima, control de capacidade do espazo, uso individual de equipamento e material, etc.) e as boas prácticas en limpeza e hixiene, entre outros.

*“En **R** parécenos imprescindible, sobre todo agora, xerar confianza, creando contornas laborais seguras. Non decaerá a nosa vontade de mellora porque estamos máis comprometidos que nunca coa seguridade das nosas persoas. Protexer a saúde das e dos profesionais de **R** e garantir a continuidade do noso negocio son, sen dúbida, unha prioridade para nós nestes momentos difíciles de crise sanitaria. Dende un primeiro momento actuamos con prudencia e con responsabilidade; e continuaremos a facelo”,* asegurou Isidro Fernández de la Calle, director Corporativo Empresas de **R** e do Grupo Euskaltel.



Pola súa banda, **Martín Pita, director de AENOR na Rexión Atlántica**, manifestou “o orgullo de poder traballar con **R**, pertencente ao Grupo Euskaltel, co que colaboramos en distintos ámbitos dende hai varios anos. *Neste caso, a certificación de protocolos fronte á COVID-19 vén subliñar e asegurar a preocupación da empresa cos seus traballadores e resto de partes interesadas ao incorporar nas súas prácticas diarias os protocolos de funcionamento máis avanzados que poidan existir para a loita contra esta pandemia. Esta certificación demostra que a empresa ten implantados uns protocolos propios, baseados en todas as fontes do coñecemento existentes no mundo fronte a esta loita contra o virus. Lexislación, boas prácticas sectoriais, aplicacións e métodos propios da empresa e recomendacións de organismos internacionais de prestixio fan que a empresa poida presentar un alto nivel de compromiso. AENOR, mediante o noso rigoroso proceso de certificación, achegamos rigor e confianza tanto á empresa como á sociedade en xeral de que aquí no Grupo Euskaltel as cousas se fan cumprindo as normas e protocolos establecidos”.*

Actualización constante dos protocolos de seguridade

Dende os primeiros días da pandemia e durante todo o tempo que durou o confinamento, así como nas posteriores etapas nas que as autoridades sanitarias foron establecendo medidas e recomendacións públicas para acometer a recuperación e a volta á normalidade, un **Comité de seguimento, seguridade e saúde**, conformado por todos os ámbitos de representación en **R**, foi actualizando os protocolos de seguridade e informando a todas as persoas da compañía.

Coa premisa de salvagardar a saúde e a seguridade de todas as persoas, **R** estableceu un **protocolo**, para cando a actividade presencial fose precisa, que vai dende o establecemento de acceso aos edificios só por determinadas portas e a entrada graduada ligada á flexibilidade horaria, pasando pola definición e implantación de medidas para evitar a propagación de aerosois, ata as indicacións de uso obrigatorio de máscara, gardar a distancia de seguridade, obrigatoriedade de lavar as mans e o uso de xel desinfectante.

Tamén se deron a coñecer outras medidas, como as referidas á seguridade para a recepción e atención a visitas externas, o fomento das reunións telemáticas co fin de evitar a concentración de persoas en espazos pechados, e a limitación ao estritamente esencial de viaxes e desprazamentos.

R situouse como referente en medidas laborais en época da COVID-19. Dende o comezo da crise sanitaria estableceu todas as medidas necesarias co fin de **minimizar os riscos para as súas persoas** baixo a premisa de preservar a súa saúde, mitigando o risco de exposición ao virus e, ao tempo, de asegurar a axeitada **continuidade dos servizos de telecomunicacións**.



Para iso, adoptou diferentes medidas de continxencia co obxectivo de atender posibles afeccións que a COVID-19 puidese xerar nas comunicacións entre persoas, institucións e empresas. Entre elas, o **teletraballo** para os seus profesionais e, en paralelo, o aseguramento da continuidade das telecomunicacións para fogares e empresas.

O Sistema de Xestión de **R** e do Grupo Euskaltel ao completo é auditado anualmente por AENOR. Os seus certificados están dispoñibles para a súa consulta no seguinte enlace: <https://www.mundo-r.com/gl/quen-somos/sistema-de-xestion>

sobre AENOR

AENOR é a entidade líder en certificación en España que identifica e axuda a corrixir as fendas de competitividade das empresas, sectores e do tecido económico, contribuíndo á transformación da sociedade, creando confianza nas organizacións e nas persoas.

Como entidade global, desenvolve operacións en 90 países, en actividades de certificación, verificación, validación, inspección, análise, formación e servizos de información. Actualmente, máis de 75.000 centros de traballo teñen algún dos certificados de AENOR en campos como a Xestión da Calidade, Sustentabilidade, Seguridade e Saúde no Traballo, Dixitalización, Benestar Animal, Verificación de Información non Financeira ou Compliance.

sobre R

R é o operador de telecomunicacións de Galicia que, xunto con Euskaltel, Telecable e Virgin Telco, forma parte do Grupo Euskaltel. O operador galego ofrece servizos avanzados de internet de alta velocidade (ata 500 megas), televisión dixital e telefonía fixa e móbil, e dende hai anos é a opción preferida nos fogares e empresas galegas alí onde ten despregada a súa rede de fibra óptica. **R** investiu ata o momento 1.300 millóns de euros neste proxecto para Galicia, onde xa está presente en máis de 130 concellos, nos que presta servizo a arredor de 260.000 clientes, entre residenciais e empresas. (R.gal).

Para máis información:

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal

AENOR

Eduardo Cicuéndez Polo

Responsable de Marca e Relacións con medios

Tel.: 681 35 53 04

ecicuendez@aenor.com

Síguenos en:



